



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables	Código	652G03022	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Profesorado	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A pobreza, a marxinação, a vulnerabilidade e a exclusión son aspectos inherentes aos modelos de organización política, económica e social contemporáneos. Estas realidades supoñen formas de vida singularizadas pola precariedade económica, a falta de oportunidades ou desigualdade no acceso a mellores condicións de vida ou ben a privación de dereitos, aspectos que dificultan a realización persoal e social.</p> <p>É unha finalidade da Educación Social visibilizar estas realidades, promover a toma de conciencia sobre o funcionamento da sociedade actual e actuar en consecuencia desde unha posición crítica, de forma que se desenvolvan procesos encamiñados á emancipación das persoas, ao seu fortalecemento como suxeitos de dereitos, á súa integración e participación social, así como á transformación das sociedades, para que se tornen máis xustas.</p> <p>Con esta idea, na materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables, partiremos dun achegamento aos referentes teórico-conceptuais que permitan comprender e explicar as situacións de vulnerabilidade e exclusión social, contextualizadas no marco socioeconómico e político máis amplo, así como discernir os factores e as fases presentes nos procesos e traxectorias vitais que conducen a estas situacións.</p> <p>Así mesmo, é importante coñecer o marco legal e institucional que lexítima e (de)limita a intervención socioeducativa para a prevención, protección e inclusión de minorías e colectivos vulnerables. Achegarémonos a diferentes contextos e realidades de exclusión social e ás propostas socioeducativas, que, en forma de programas, proxectos, recursos, redes? tratan de promover a inclusión social. Unha aproximación que nos permita poñer en cuestión e valorar a súa pertinencia en termos pedagóxicos e sociais. Finalmente, interéсанos coñecer as funcións que ocupan ao/á educador/a social nos diferentes programas, recursos ou institucións.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: non se realizan cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas salvo o obradoiro de teatro del oprimido. Na descrición de cada metodoloxía inclúese a adaptación que se realizará no caso de nova situación de alarma</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Obradoiro (será substituído por unha sesión de traballo colaborativo mediante Teams).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada</p> <p>Foro da materia no Moodle, para trasladar consultas sobre os contidos, metodoloxías e actividades, de forma que sexan visibles e accesibles para todo o alumnado (revisión diaria do foro por parte da docente); teams para a realización das sesións de seguimento e acompañamento dos traballos grupais e para titorías individuais solicitadas (establecerase un mínimo de tres sesións de titoría grupais obrigatorias para o traballo grupal).</p> <p>4. Modificacións na avaliación: non hai modificacións</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>No caso de novo estado de alarma, o examen do alumnado que non poida participar da avaliación continua, será oral e realizarase a través de Teams o por teléfono.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non hai modificacións. Todo o material necesario estará dispoñible no Moodle.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e diferenciar entre conceptos afíns á exclusión social: pobreza, marxinação, desigualdade, vulnerabilidade, desadaptación...	A2 A5 A8 A14		
Discernir as fases polas que transcorren os procesos de exclusión social, as causas, as manifestacións e os efectos destas situacións	A2 A5 A8		
Identificar e analizar as relacións entre os sistemas político, económico, educativo e social, e os procesos de vulnerabilidade e exclusión social, nun marco de globalización neoliberal e crise do Estado de Benestar	A2 A3 A5 A8 A20		



Deseñar, avaliar e defender programas e proxectos de acción socioeducativa para a prevención, a inclusión social e o exercicio dunha cidadanía global, especificando as bases teórico-metodolóxicas sobre as que se subuenta.	A1 A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21	B2 B3 B5 B6	C3 C6 C7
Coñecer e promover estratexias e dinámicas de inclusión social, favorecedoras do empoderamento e participación das persoas, que permitan problematizar e transformar a realidade desde a perspectiva das persoas protagonistas (cartografía social, teatro do oprimido, aprendizaxe-servizo, filosofía para nenos e nenas...)	A2 A7 A9 A20 A21		C7
Determinar e fundamentar as características, os factores influíntes, as posibilidades e limitacións da acción socioeducativa en contextos específicos de vulnerabilidade e exclusión social	A1 A2 A3 A5 A8 A14 A20		C7
Esperar e desenvolver unha actitude autocrítica, de autorregulación da propia aprendizaxe, de participación activa e responsable no proceso, así como de compromiso coa realidade que nos rodea	A14		C1 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo 1: A exclusión social, o novo rostro da pobreza	1. Precisións terminolóxicas: pobreza, marxinación, exclusión, vulnerabilidade, desigualdade, minoría, integración. 2. Os procesos de exclusión e inclusión social: fases, dimensións de análise, ámbitos, factores e eixos da desigualdade.
Módulo 2: Dimensión estrutural da exclusión e inclusión social	3. Globalización neoliberal e exclusión social. 4. Estigma e criminalización da pobreza.
Módulo 3: Prácticas socioeducativas de prevención e inclusión social: perspectivas e procesos metodolóxicos	5. Enfoques metodolóxicos inclusivos e transformadores: principios e directrices da acción socioeducativa. 6. Análise da realidade, deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de acción socioeducativa. 7. Técnicas e estratexias de educación para emancipación e o exercicio dunha cidadanía global: cartografía social, Teatro do Oprimido, Filosofía para nenos e nenas e aprendizaxe-servizo para a inclusión social.
Módulo 4: Das realidades aos programas, proxectos e recursos de acción socioeducativa	8. Poboación reclusa. 9. Prostitución. 10. Senfogarismo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A7	3	0	3



Análise de fontes documentais	A2 A3 A5 A8 C3 C6	0	40	40
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5	8	0	8
Discusión dirixida	A2 A3 A5 A8 A14 B5 B6 C6	10	0	10
Simulación	A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21 B2 B3 B5 B6 C1 C3 C6 C7	6	50	56
Presentación oral	A14 B6 C1 C3	4	5	9
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A5 A8 B3 C6 C7	7	0	7
Portafolios do alumno	A2 A3 A5 A8 A14 B2 C1 C3	0	10	10
Obradoiro	A7 A8 A9 A20 B3 C7	4	0	4
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Destinadas a (re)coñecernos como protagonistas dos procesos de ensino e de aprendizaxe que se inician, a presentar e discutir as regras do xogo recollidas na guía docente, a identificar intereses e /ou motivacións do alumnado respecto dos obxectivos que se queren acadar, e a verbalizar preconceptos e saberes previos das alumnas e alumnos relacionados coa materia, dos que partir para favorecer aprendizaxes relevantes. De atoparnos nun novo estado de alarma, realizarase mediante sesión gravada (presentación da materia) e cuestionario para recoller intereses/motivacións do alumnado.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos relevantes textuais (artigos, libros, novas de prensa, poemas, textos legislativos...) e audiovisuais (documentais, curtas, filmes, fotografías, viñetas...) que faciliten e amplíen a comprensión dos conceptos básicos da materia, e permitan a elaboración de pensamentos razoados acerca da intervención socioeducativa. Seguindo a Finkel (2008), trátase de deixar que falen os documentos, propoñendo actividades que permitan desentrañar o seu significado: mapas conceptuais, estudo de casos, recensións, diálogo reflexivo, seminarios, etc. O dossier de lecturas obrigatorias e para aprofundar, estará dixitalizado e accesible no Moodle.
Sesión maxistral	Destinada á exposición oral por parte da docente na que achegar o saber científico e disciplinar imprescindible para a deconstrución e reconstrución crítica do coñecemento experiencial. Complementárase co uso de recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e coa introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para favorecer o diálogo reflexivo. A finalidade é promover unha aprendizaxe transformadora, potenciando a participación do alumnado na construción significativa do coñecemento. De non poder desenvolver docencia presencial, as sesións maxistrais serán gravadas en vídeo co apoio de presentacións, e estarán accesibles no Moodle previamente ao desenvolvemento das sesións interactivas.
Discusión dirixida	Fundaméntase na concepción da aprendizaxe como un proceso reflexo, dialóxico, un acto de (re)creación solidarizando a reflexión e a acción. En base á análise previa de fontes documentais, promoverase o debate e contraste de opinións fundamentadas, a través das que: identificar dificultades na comprensión; promover a dúbida e o conflito, poñendo en tea de xuízo as crenzas e interpretacións iniciais; provocar o pensamento diverxente e recoller diferentes argumentacións; favorecer a conexión con experiencias vitais; etc. Todo coa finalidade de que o alumnado tome conciencia de interpretacións alternativas da realidade socioeducativa, se emancipe dos preconceptos e ideas erróneas, e reconstrúa criticamente novas formas de pensar, sentir e actuar. En caso de novo confinamento por mor da Covid-19 substituirase esta metodoloxía por debate ou foro virtual a través do Moodle; ou por sesións síncronas a través de Teams.



Simulación	<p>Práctica simulada de participación nunha convocatoria pública da Administración autonómica, na que se respectan as características formais e de contido, así como os requisitos habituais neste tipo de concursos. Ten como finalidade a inmersión nas competencias específicas da Educación Social relacionadas co deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de acción socioeducativa, así como co traballo en equipo, partindo dunha situación real o que entendemos supón un desafío motivador.</p> <p>Esta proposta didáctica esixe poñer en relación as bases teóricas e metodolóxicas da materia para resolver un problema práctico (neste caso a elaboración dun programa), permitindo ademais recuperar e actualizar moitos dos saberes e destrezas adquiridos ao longo do Grao.</p> <p>Dada a dimensión da proposta a docente acompañará aos grupos durante todo o proceso: asesorándoos tecnicamente, contribuíndo á autoorganización e autonomía, activando procesos reflexivos, problematizando decisións, incentivando argumentacións, reforzando as potencialidades, etc.</p> <p>O proceso está marcado polos seguintes momentos: publicación simulada da convocatoria; inscrición dos equipos; deseño e presentación en prazo e forma do programa; e defensa dos programas.</p> <p>En caso de confinamento, os grupos poderán empregar todos os recursos que ofrece a plataforma Moodle e as aplicacións de Microsoft 365 que consideren oportunas (teams, onedrive, stream, ppt...), para desenvolver o traballo de forma virtual.</p>
Presentación oral	<p>Algunhas das actividades desenvolvidas serán expostas diante do grupo de referencia, procurando chegar a conclusións compartidas sobre o caso investigado, o documento ou experiencia analizada. Entre as actividades, o Programa de Acción Socioeducativa será presentado e defendido no grupo expositivo (de forma virtual a través de Teams) ou en sesión interactiva (grupo reducido). Decidirase a alternativa en función da evolución da pandemia.</p> <p>Unha das finalidades da presentación oral é favorecer a coavaliación e autoavaliación a través da contrastación de diferentes formas de resolver as mesmas actividades, permitindo identificar dificultades e potencialidades nos propios traballos, así como autorregular a propia aprendizaxe.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>Asistencia a dúas xornadas en formato virtual (a través de Teams) ou presencial, organizadas ao abeiro do Programa piloto de docencia en galego. O obxectivo é afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia, proporcionando experiencias de boas prácticas actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo e empreguen o galego como lingua vehicular.</p>
Portafolios do alumno	<p>Dossier no que se recollen os materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo estudantado. Habilitarase un cartafol no Onedrive no que cada grupo irá incorporando as prácticas solicitadas nas sesións de clase, debidamente identificadas e organizadas. As prácticas serán grupais salvo o informe de autoavaliación individual.</p>
Obradoiro	<p>Proposta metodolóxica eminentemente práctica na que o alumnado se achegará ao coñecemento e aplicación de exercicios, xogos, técnicas e estratexias da metodoloxía do Teatro do Oprimido. Ten como finalidade promover a desmecanización física e intelectual, estimulando a discusión e a problematización de situacións da vida cotiá, a reflexión crítica sobre as relacións de poder que caracterizan as interaccións humanas, e a definición conxunta e ?ensaio? de alternativas para a emancipación, sempre dende a perspectiva das propias persoas protagonistas.</p> <p>En caso de novo confinamento substituirase esta metodoloxía por unha sesión síncrona a través de Teams na que presentar a proposta de Teatro de Oprimido.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Presentación oral Simulación	<p>Para o desenvolvemento do Programa de Acción Socioeducativa baseado nunha convocatoria pública simulada, así como para a súa presentación e defensa oral, será preciso acudir, como mínimo, a tres sesións de titoría, nas que facer o seguimento por parte da docente. No transcurso da materia indícarase a data das titorías así como o formato, virtual a través de Teams ou presencial.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Portafolios do alumno	A2 A3 A5 A8 A14 B2 C1 C3	No portafolios entregaranse as prácticas colaborativas grupais (20 puntos) e actividades individuais (20 puntos) realizadas e solicitadas durante o transcurso da materia. Valorarase: entrega en tempo e forma e calidade na realización das actividades en función dos criterios que se definan para cada unha.	40
Presentación oral	A14 B6 C1 C3	A presentación e defensa do Programa de Acción Socioeducativa será avaliado pola docente (heteroavaliación), polo grupo aula (coavaliación), e polo propio grupo (autoavaliación), atendendo aos criterios que se establezan conxuntamente. Entre eles: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; a coherencia no discurso, a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); e emprego dunha linguaxe inclusiva. A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo.	10
Simulación	A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21 B2 B3 B5 B6 C1 C3 C6 C7	Avaliarase segundo os criterios indicados na convocatoria pública simulada. Ademais, valorarase: o afondamento nos contidos; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe inclusiva e propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; aspectos formais relativos á calidade da presentación.	50

Observacións avaliación

- 1.- A asistencia e participación nas sesións de aula e actividades prácticas sinaladas considéranse obrigatorias nunha universidade presencial como é a Universidade da Coruña. Aquelas alumnas e alumnos que, por razóns debidamente acreditadas (de saúde, laborais ou de conciliación), non podan ter unha asistencia sistemática (por encima do 85%), poderán optar a unha modalidade de avaliación específica, sempre que o comuniquen á docente en horario de titorías para a súa oportuna e axeitada consideración. Nestes casos, establécense as seguintes actividades de avaliación: Proba de ensaio (50%) e Ensaio reflexivo (50%). As pautas e criterios de avaliación específicas destas dúas actividades figuran no documento colgado no Moodle. Avaliarase o ensaio reflexivo só no caso de superar a proba. En caso de non superala, a nota final corresponderase coa da proba de ensaio valorada sobre 100%.
- 2.- O cómputo global da nota final require que todas as actividades de avaliación obteñan unha cualificación de aprobado (5). As actividades superadas só se gardarán durante a convocatoria anual.
- 3.- Todos os traballos presentaranse en formato dixital (PDF) a través do Moodle. Non se aceptará ningún traballo do que a docente non teña constancia da súa realización.
- 4.- O alumnado que, tendo recoñecida a condición de estudante a tempo parcial e solicitara no Decanato a dispensa académica -tal como se establece na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia ea progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade daCoruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016)-, terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima e as metodoloxías de avaliación.
- 5.- Segundo o establecido no artigo 14.4. das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

Fontes de información



Bibliografía básica

Asamblea General de las Naciones Unidas. Declaración Universal de los Derechos Humanos. Resolución 217 A (III), de 10 decembro de 1948. Arriba, Ana (coord.) (2008). Políticas y bienes sociales: procesos de vulnerabilidad y exclusión social. Madrid: Fundación FOESSA. Barba, María e Morán, M. Carmen (2013). Prisión e dereito á educación. Atas do XII Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagogía (pp.776-788). Barba, María, Morán, M. Carmen e Cruz, Laura (2017). Animación sociocultural en prisión. Experiencia en el centro penitenciario de Monterroso. Madrid: Popular. Belzunegui, Ángel e Brunet, Ignasi (2012). Los lugares sociales de la pobreza. En Belzunegui, A. (Coord.), Socialización de la pobreza en España (pp.11-34). Barcelona: Icaria. Bergalli, Roberto (2009). La humillación: técnicas y discursos para la exclusión social. Barcelona: Bellaterra. Bonet, Jordi (2006). La vulnerabilidad relacional: análisis del fenómeno y pautas de intervención. REDES. Revista hispana para el análisis de redes sociales, 11. Cabrera, Pedro (2003). Cárcel y Exclusión. Revistadel Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, 35, 83-120. Castel, Robert (1995). De la exclusión como estado a la vulnerabilidad como proceso. Archipiélago. Cuadernos de crítica de la cultura, 21. Castel, Robert (1997). La metamorfosis de la cuestión social, una crónica del salariado. Buenos Aires: Paidós. Castel, Robert (2010). El ascenso de las incertidumbres. Buenos Aires: FCE. Cobo, Rosa (2011). Hacia una nueva política sexual. Madrid: Catarata. Cobo, Rosa (2017). La prostitución en el corazón del neoliberalismo. Madrid: Catarata. Cortes Generales (2007). Informe de la ponencia sobre la prostitución en nuestro país (154/9) aprobada en sesión de la ponencia de 13 de marzo de 2007. De Miguel, Ana (2015). Neoliberalismo sexual: el mito de la libre elección. Madrid: Cátedra. Escudero, José Manuel e Sáez, José (coords.) (2006). Exclusión social, exclusión educativa. Murcia: Diego Martín. García Roca, Joaquín (2006). Relatos, metáforas y dilemas. Para transformar las exclusiones. En Vidal, F. (dir.), La exclusión social y el Estado de Bienestar en España. V. García Roca, Joaquín et al. (1991). Pedagogía de la marginación. Madrid, Editorial Popular. García Roca, Joaquín (2007). La revancha del sujeto. Documentación Social, 145, 37-52. Garrido, Vicente e Gómez, Ana Mª (1995). Educación Social en el ámbito penitenciario. Comunicación, Lenguaje y Educación, 27, 53-60. Garrido, Vicente e Martínez, Mª Dolores (eds.) (1998). Educación Social para delincuentes. Valencia: Tirant lo Blanch. Gil, Fernando (2002). La exclusión social. Barcelona: Ariel. Gimeno, Beatriz (2011). La prostitución. Barcelona: Bellaterra. Goffman, Erving (2008). Estigma. La identidad deteriorada. Buenos Aires: Amorrortu. Gómez, Águeda e Pérez, Silvia (2009). Prostitución: clientes e outros homes. Vigo: Xerais. Gómez, Águeda, Pérez, Silvia e Verdugo, Rosa M. (2015). El putero español. Madrid: Catarata. Hernández, Blanca (2007). La prostitución, a debate en España. Documentación Social, 144, 75-89. Informe FUEM de Políticas sociales (pp. 9-27). Madrid: FUEM. Jiménez, Magdalena (2008). Aproximación teórica de la exclusión social: complejidad e imprecisión del término. Consecuencias para el ámbito educativo. Estudios Pedagógicos, 1, 173-186. Karsz, Saül (comp.) (2004). La exclusión bordeando sus fronteras: definiciones y matices. Barcelona: Gedisa. Laespada, Mª Teresa (ed.) (2008). Intervención en exclusión social y drogodependencias: la confluencia entre políticas sociales y sanitarias. Bilbao: Universidad de Deusto. López-Aranguren, Eduardo (2005). Problemas sociales: desigualdad, pobreza, exclusión social. Madrid: Biblioteca Nueva. Manzanos, César (dir.) (2005). Servicios sociales y cárcel: alternativas a la actual cultura punitiva. Victoria-Gastéiz: Salhaketa. Max-Neef, Manfred; Elizalde, Antonio e Hopenhayn, Martín (1998). Desarrollo y necesidades humanas. En Desarrollo a escala humana (pp.37-82). Barcelona: Icaria. Rubio, Mª José e Montero, Silvia (coords.) (2002). La exclusión social: teoría y práctica de la intervención. Madrid, CCS. Sanz, Susana (2010). Colectivos vulnerables y derechos humanos: perspectiva internacional. Valencia: Tirant lo Blanch. Solana, José L. et al. (2008). Los retos de la prostitución: estigmatización, derechos y respeto. Granada: Comares. Subirats, Joan (dir.) (2004). Pobreza y exclusión social un análisis de la realidad española y europea. Barcelona Fundación "La Caixa". Consultado en http://obrasocial.lacaixa.es/StaticFiles/StaticFiles/f28d31d9615d5210VgnVCM1000000e8cf10aRCRD/es/vol16_es.pdf Valverde, Jesús (1997). La cárcel y sus consecuencias. La intervención sobre la conducta desadaptada. Madrid: Popular. Vidal, Fernando (2006) (ed.). La exclusión social y el estado de bienestar en España. V Informe FUEM de políticas sociales. Barcelona: Icaria. Xunta de Galicia (2004). A prostitución feminina na Comunidade Autónoma de Galicia. Santiago de Compostela: Servizo Galego de Igualdade, Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. Xunta de Galicia (2006). II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013. Santiago de Compostela: Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar. Consultado en http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Vicepresidencia/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/II_Plan_Galego_Inclusion_Social.pdf Wacquant, Lloïc (2012). El matrimonio entre el workfare y el prisonfare en el siglo XXI. Astrolabio, 9, 184-205. Revistas: @font-face { font-family: "Arial"; } @font-face { font-family: "Cambria"; } @font-face {



font-family: "ArialMT";}@font-face { font-family: "Verdana-Bold";}p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal { margin: 0cm 0cm 0.0001pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman"; }em { }div.Section1 { page: Section1; }
Pedagogía Social. Revista interuniversitaria (2000-2001). MonográficoExclusión social, 6-7.(2010). Infancia y adolescenciaen dificultad social, 17.(2012). Educación social yética profesional, 19.(2013). Educación social en prisiones, 22.Educación Social. Revista de intervención socioeducativa (2000). Drogadicciones:experiencias en clave de futuro, 14.(2001). Deontología y prácticaprofesional, 17.(2003). Intervenciónsocioeducativa y pueblo gitano, 24.(2004). Intervención educativacon personas sin hogar, 27.(2007). El trabajo en red en laeducación social, 36.(2009). La Inserción Laboralcomo proceso de intervención educativa, 41.(2009). La atenciónsocioeducativa en las transiciones vitales, 42.(2009). Globalización, diversidad cultural y acción socioeducativa, 43.Revista de Educación Social (RES)(2016). Educación Social en centros penitenciarios, 22.Revista de Educación(2012). La educación en instituciones penitenciarias. Historia, políticas públicas y buenas prácticas, 360.Documentación social(1997): Políticas contra la exclusión social,106.(2001). Las otras caras de la globalización, 125.(2003). Los procesos de inclusión y exclusiónsocial de las personas con discapacidad, 130.(2004). Migración, hacia un modelo de integraciónsocial, 132.(2004). Intervención ante laexclusión social, 135.(2005). Los objetivos de desarrollo del milenio,136.(2005). Vivienda y alojamiento,138.(2007). Empleo e inclusiónsocial, 143.(2007). La prostitución, unarealidad compleja, 144.(2007). Repensar la intervenciónsocial, 145.(2007). Migraciones ydesarrollo, 147.(2009). Dilemas de la PolíticaSocial, 154.(2010). Consecuenciaseconómicas y sociales de la crisis mundial, 158.(2011). Ciudadanía universaly democracia a escala humana, 159.(2011). Miedo, inseguridad ycontrol social, 161.(2012). La discriminación ética hacia la población inmigrante: un reto para la cohesión social, 162.Barbecho. Revista de reflexión socioeducativa (2002-2003). Opresión, resistencia y acción educativa, 2.



Bibliografía complementaria	<p>AA.VV. (2003). Patrones de exclusión social en el Marco Europeo. Consultado en http://www.cruzroja.es/pls/portal30/docs/PAGE/SITE_CRE/ARBOL_CARPETAS/BB_QUE_HACEMOS/B10_INTERVENCIÓN_SOCIAL/POBREZA/MAQUETAPATRONES.PDF</p> <p>Antón, Antonio (coord.) (2000). Trabajo, derechos sociales y globalización. Algunos retos para el siglo XXI. Madrid: Talasa.</p> <p>Aliena, Rafael. (2005). Descenso a la Periferia: asistencia y condición humana en el territorio de lo social. Valencia: NauLlibres.</p> <p>Álvarez-Uría, Fernando (ed.) (1992). Marginación e inserción. Los nuevos retos de las políticas sociales. Madrid: Endymion.</p> <p>Álvarez-Uría, Fernando et al. (1995). Desigualdad y pobreza hoy. Madrid: Talasa Arriba, Ana (2002). El concepto de exclusión en política social. Unidad de Políticas comparadas. CSIC. Consultado en http://digital.csic.es/bitstream/10261/1495/1/dt-0201.pdf</p> <p>Bauman, Zygmunt (1999). La globalización, consecuencias humanas. México: Fondo de Cultura Económica.</p> <p>Bauman, Zygmunt (1999). Trabajo, consumismo y nuevos pobres. Barcelona: Gedisa.</p> <p>Bauman, Zygmunt (2001). La posmodernidad y sus descontentos. Madrid: Akal.</p> <p>Bauman, Zygmunt (2005). Vidas desperdiciadas. La modernidad y sus parias. Barcelona: Paidós.</p> <p>Bergalli, Roberto (Coord.) (2003). Sistema penal y problemas sociales. Barcelona: Bellaterra.</p> <p>Bourdieu, Pierre (dir.) (1999). La miseria del mundo. Madrid, Akal.</p> <p>Castel, Robert, et al (2001). Desigualdad y globalización. Cinco conferencias. Buenos Aires: FCE.</p> <p>Cortina, Adela (2001). Ciudadanos del mundo. Hacia una teoría de la ciudadanía. Madrid, Alianza Editorial.</p> <p>Delgado, Manuel et al. (2003). Exclusión social y diversidad cultural. Donostia: Tercera Prensa.</p> <p>Freire, Paulo (1992). Pedagogía del oprimido. Madrid: Siglo XXI.</p> <p>Freire, Paulo (2001). Pedagogía de la indignación. Madrid: Morata.</p> <p>Freire, Paulo (2002). Pedagogía de la esperanza. Mexico: Siglo XXI.</p> <p>García, A. e Sáez, J. (1998). Del racismo a la interculturalidad. Competencia de la educación. Madrid: Narcea.</p> <p>Gil, Fernando; Jover, Gonzalo e Rejero, David (2001). La enseñanza de los Derechos Humanos. Barcelona: Paidós.</p> <p>Giménez, María et al. (2003). Nuevas políticas para la inclusión social: agenda pública y prácticas significativas. VIII Congreso Internacional del CLAD sobre la Reforma del Estado y de la Administración Pública, Panamá, 28-31 Oct. 2003</p> <p>Jimeno, Juan A. (2004). Exclusión social y Estado de Bienestar. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces.</p> <p>Goffman, Erving (1982). Estigma. La identidad deteriorada. Buenos Aires: Amorrortu.</p> <p>Hernández, Enrique; Quintana, Pedro e Rodríguez, Fco. Javier (coords.) (2000). Marginación e intervención social. Actuaciones y necesidades del colectivo gitano en riesgo de exclusión social. Oviedo: Universidad de Oviedo, Servicio de Publicaciones.</p> <p>Hessel, Stéphane (2010). Indignádevos. Factoría de libros.</p> <p>Jelinek, Elfriede (2005). Los excluidos. Barcelona: Mondadori.</p> <p>Juliano, Dolores (2004). Excluidas y marginales. Una aproximación antropológica. Valencia: Càtedra.</p> <p>Mas, Francesc (2001). Rompiendo fronteras. Una visión positiva de la inmigración. Barcelona: Intermón.</p> <p>Millán, José Carlos (comp.) (2004). Colectivos en riesgo de exclusión. Inmigrantes, minorías étnicas y perspectiva de género. A Coruña: Instituto Gallego de Iniciativas Sociales y Sanitarias.</p> <p>Millán, José Carlos (2005). Políticas sociales, modelos de intervención y estado de bienestar. A Coruña: Instituto Gallego de Iniciativas Sociales y Sanitarias.</p> <p>Mulleiro, Hugo (2006). Al margen de la agenda: noticias, discriminación y exclusión. México: Fondo de Cultura Económica.</p> <p>Nun, José. (2001). Marginalidad y exclusión social. Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica.</p> <p>Oña, José Manuel (2010). Educación de calle y desarrollo comunitario: una experiencia educativa en contextos de exclusión. Madrid: Cáritas, Fundación Foessa.</p> <p>Renes, Víctor (dir.) (2008). VI informe sobre exclusión y desarrollo social en España 2008. Madrid: Fundación FOESSA, Cáritas Española.</p> <p>Riera, Ignasi (2002). Emigrantes y refugiados. Barcelona: Debolsillo.</p> <p>Ruiz, Blanca e Ruíz, Eduardo (2001). Las Políticas de inmigración: la legitimación de la exclusión. Bilbao: Universidad de Deusto.</p> <p>Santolaria, Félix (1997). Marginación y educación: historia de la educación social en la España moderna y contemporánea. Barcelona, Ariel.</p> <p>Soriano, Andrés (2001). Políticas y economía en la exclusión social. Pedagogía Social Revista Interuniversitaria, 6-7, 21-32.</p> <p>Subirats, Joan (dir.) (2005). Análisis de los factores de exclusión social. Fundación BBVA. Consultado en http://www.fbbva.es/TLFU/dat/DT_2005_04.pdf</p> <p>Subirats, Joan (dir.) (2006). Fragilidades vecinas: narraciones biográficas de exclusión social urbana. Barcelona: Icaria.</p> <p>Subirats, Joan & Gomà, Ricard (dirs.) (2003). Un paso más hacia la inclusión social. Generación de conocimiento, políticas y prácticas para la inclusión social. Madrid: Plataforma de ONGs ? IGOP. Consultado en http://www.plataformaongs.org/upload/88/94/un_paso_mas_hacia_la_inclusion_social.pdf</p> <p>Valedor do Pobo (2005). Informe extraordinario sobre a situación da poboación xitana en Galicia. Santiago de Compostela. Consultado en http://www.valedordopobo.com/index.php?s=115&i=22</p> <p>Vallés, Josep (2009). Manual del educador social: intervención en servicios sociales. Pirámide.</p> <p>Varela, Julia e Álvarez-Uría, Fernando (1989). Sujetos frágiles. Ensayos de sociología de la desviación. Madrid: Fondo de Cultura Económica.</p> <p>Vélaz de Medrano, Mari Carmen</p>
------------------------------------	---

(2002). Intervención educativa y orientación en problemas de inadaptación y exclusión por factores educativos y socioculturales. Madrid: UNED. Vidal, Fernando (2009). Pan y rosas: fundamentos de exclusión social y empoderamiento. Madrid: Fundación FOESSA. Wacquant, Loïc (2000). Las cárceles de la miseria. Madrid: Alianza Editorial. Wacquant, Loïc (2001). Parias urbanos. Marginalidad en la ciudad a comienzos del milenio. Buenos Aires: Manantial. Wacquant, Loïc (2007). Los condenados de la ciudad: guetos, periferias y estado. Buenos Aires: Siglo XXI. Wacquant, Loïc (2009). Castigar a los pobres. El gobierno neoliberal de la inseguridad social. Barcelona: Gedisa. Xunta de Galicia (2009). Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do Pobo Xitano de Galicia. Documento base. Santiago de Compostela: Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar. Consultado en http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Vicepresidencia/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/planxitano.pdf



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002
Socioloxía/652G03005
Pedagogía social/652G03006
Xénero, igualdade e educación/652G03007
Educación multicultural/652G03013
Intervención en contextos familiares de risco/652G03015
Servizos sociais e benestar social/652G03014
Educación de menores en desprotección e conflito social/652G03016
Educación de persoas adultas e maiores/652G03018

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías